


Proxecto de Dinamización da Lingua Galega

IES Terra de Turonio 2019-2023

Breve estudo sociolingüístico


Contexto sociolingüístico do IES Terra de Turonio

Cando iniciamos a elaboración deste PLC, o IGE publicaba os módulos específicos dedicados ao coñecemento e uso da lingua galega da Enquisa estrutural a fogares (EEF), do ano 2018. Nestes módulos analizaron o grao de coñecemento do idioma galego nas súas distintas formas (oral e escrita) e o seu uso en distintos ámbitos sociais.



O estudo sinala que a comarca de Vigo, á que pertence Gondomar, é a máis desgaleguizada do país e nela o uso da nosa lingua descende ao 25.5%. Este nivel de desgaleguización é, ademais, o maior desde 2008. Na seguinte gráfica pode verse como o galego pasa de ser a lingua dun terzo da poboación a ser a dunha cuarta parte.

O estudo recolle tamén que en municipios de entre 10.000 e 20.000 habitantes (como Gondomar), a porcentaxe de fogares en que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego é do 19.30%. Este é o dato para Galiza, mais se analizamos os datos que nos ofrece o IGE e seleccionamos a provincia de Pontevedra, obtemos a seguinte táboa:




Os datos concretos do uso da lingua no Concello de Gondomar que podemos comprobar nas enquisas do IGE Son os recollidos en 2011 e, segundo eles, o 41% da poboación fala sempre en galego.

Pola contras, nesas mesmas datas, en Vigo a porcentaxe de poboación que falaba galego sempre era do 15%.

Con estes datos, queremos trasladar que, malia que a situación lingüística da comarca é a peor de Galiza, os datos de uso recollidos para 2018 na área de Vigo son a media de todos os concellos que a forman, onde hai notábeis diferenzas entre a cidade e os concellos que a rodean, nalgúns dos cales, como Gondomar, o galego aínda é a lingua maioritaria do conxunto da poboación.

Poboación en vivendas familiares de 5 ou máis anos segundo o uso do galego [Filtros: Tempo=2011 ;]



En **conclusión**, o noso alumnado medra nunha das áreas máis desgaleguizadas do país e, a pesar diso, o concello en que vive mantén aínda unha poboación que fala maioritariamente en galego. Non é así no seu tramo de idade, en que a desgaleguización é tan intensa que está a borrar trazos fonéticos e léxico que conservaban todas e todos os galegos con independencia da lingua que falasen. Esta realidade constatámola nas propias observacións da aula que nos está mostrando o avance desmesurado do proceso de castellanización.

O alumnado no seu contexto familiar

Nos últimos cursos vimos detectando o **descenso de alumnado galegofalante** no centro. A día de hoxe, moitos alumnos e alumnas demostran dificultades para falar en galego na clase de galego, o que é coherente cos datos do IGE de que practicamente un 24% do alumnado galego de entre 5 e 14 anos non sabe falar galego. Ademais, en varios casos, cando falan ou len en galego pódese comprobar a desaparición da súa fonética de trazos galegos coma o /n/ velar, evidencia inequívoca da forte castellanización á que están sometidos.


Ademais, o noso alumnado, mesmo o alumnado galego falante, descoñece unha parte importante dun vocabulario que podemos considerar básico, ou de vocabulario que subsistiu a nivel dialectal nesta zona, indicativo de que o galego retrocede como lingua de uso na contorna familiar, algo que foi comprobado nos traballos de aula. Tamén se comprobou a perda de coñecemento de tradicións moi arraigadas na nosa cultura. En conclusión, estamos asistindo a un incremento alarmante da españolización lingüística e cultural da mocidade nesta contorna. A día de hoxe, a maioría do alumnado que entra en primeiro é castelán-falante e algúns deles teñen prexuízos ou opóñense activa e conscientemente a falar en galego.

Isto constata que a desgaleguización avanza tamén no ámbito rural, que é do que procede

maioritariamente o alumnado do centro. Son datos que están en sintonía coas últimas análises publicadas polo IGE e que reclaman a nosa atención porque mostran a evolución negativa da lingua. Debemos telos moi en conta neste Plan lingüístico de centro.

Enquisa de usos da lingua galega

Nos cursos precedentes realizouse un traballo de análise da situación lingüística, tomando como mostra a contorna familiar do alumnado. Os resultados do último curso, en que se realizaron 436 enquisas, puxeron en evidencia a persistencia dos prexuízos lingüísticos e da diglosia, pois comprobamos que o galego está presente no ámbito familiar en máis do 35% das persoas enquisadas, máis nun contexto máis formal, coma o centro de saúde, o galego retrocede e a lingua máis empregada é o español.




O resultado das enquisas tamén puxo de manifesto o galego segue a ser unha lingua de ámbito familiar e doméstico, especialmente entre as xeracións de máis idade. Porén, as persoas que falan maioritariamente en galego na casa, non o falan en todos os casos cos seus fillos e fillas, rompendo así a transmisión interxeracional, algo sobre o que xa alertaba a RAG o Día da lingua materna de 2018, e que é un dos elementos máis preocupantes no mantemento da lingua:

Os pais (idade 31-60 (189) falan)	Transmisión interxeracional			
	Galego	Máis galego	Máis español	Español
Galego	76.0	14.0	4.0	
Máis galego	3.3	63.3	21.7	11.7
Máis español	2.3	11.6	72.1	14.0
Español	0.0	0.0	14.3	85.7

O resultado final é que a tendencia negativa no mantemento da lingua na contorna familiar do


noso alumnado e a perda de falantes respecto do último censo de poboación (datos que se corroboran coa última publicación do IGE):

Evolución do uso da lingua galega en Gondomar



Datos Censo 2013 (Galiza e Gondomar) e enquisa curso 2018-19

Respecto do censo de 2013 (o último no momento de realizar as enquisas nas casas), os traballos do alumnado comprobaron que se reduce o uso da lingua galega (41%>28%) e se incrementa o uso das dúas linguas (48%>55%) e o uso exclusivo do español (11%>17%), tal e como reflicte a gráfica.



Unha parte deses traballos era a análise deses resultados. A conclusión foi que na nosa lingua e nesta zona mantéñense a diglosia e os prexuízos lingüísticos. O propio alumnado foi trazando o esquema deses prexuízos ao responder á pregunta “por que non falas en galego? / por que non falas en galego en determinadas situacións?

1. Por vergoña, temor a ser considerado “montuno”.

2. Por temor a ser rexeitado socialmente.
3. Porque lle falan en castelán e pensa que por educación debe cambiar de lingua.
4. Porque considera que é unha lingua de pobres e xente “inferior”.
5. Porque pensan que non os van entender.
6. Porque a maioría das materias son en castelán.


Estas afirmacións fannos concluír que o número de horas en que reciben ensino en galego non é suficiente nin para contrarrestar a percepción de que o ensino está moi castelanizado, nin para minorar a presión castelanizadora que reciben en todos os ámbitos, nin para prestixiar suficientemente a lingua de noso e contaxiarlles o entusiasmo por falala.

A situación lingüística do profesorado

Neste inicio de curso realizouse unha enquisa entre o profesorado que tivo os seguintes resultados:


Segundo o proxecto lingüístico de centro, en que lingua se imparte a túa materia?

21 respostas




Que lingua empregas habitualmente?

21 respostas




Como describirías o teu dominio da lingua galega?

21 respostas




Como consideras a túa competencia en galego para a docencia da túa materia?

21 respostas




Cres que sería interesante mellorar as túas competencias de galego?

21 respostas




Respecto de hai catro anos (2015 en cor azul, 2019 en cor laranxa), despois dos cambios que se teñen producido na composición do claustro, os datos recollidos mostran:

- Un descenso no uso do galego como lingua de docencia (do 46,2% ao 38,5%) e lingua habitual entre o profesorado (do 29,6% ao 28,6% entre os que só falan galego e do 29,6% ao 14,3% entre os que predomina o galego).




- Este descenso está corroborado pola opinión do propio profesorado que se considera cun menor dominio da lingua galega e unha menor competencia para o seu emprego na docencia, o que se traduce nun incremento da consideración de que cumpriría mellorar as súas competencias en galego.



En canto á percepción que o profesorado ten dos usos lingüísticos do alumnado, os datos recollidos na enquisa deste curso, tamén mostran un incremento da percepción do uso do español entre o alumnado (do 11,1% ao 14,3% dos que din que falan só en español e dun 66,7% ao 71,4% dos que din que falan preferentemente en español) o que é compatíbel cos datos xa achegados nos primeiros epígrafes.

Finalmente, o profesorado valorou os seguintes enunciados:

Cal cres que é a lingua habitual da maioría do teu alumnado?
21 respostas




	Completament e en desacordo	Bastante en desacordo	indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
As matemáticas pódense aprender en galego			9,5	9,5	81,0
O uso do galego establecido na lexislación educativa é suficiente	33,3	19,0	14,3	23,8	9,5
O ensino do galego aumenta o prestixio social desta lingua			4,8	19,0	76,2
En Galicia, debería usarse máis o galego			14,3	23,8	61,9
A adquisición de dúas (ou máis linguas) enriquece				28,6	71,4
As dúas linguas priorizadas en	4,8	19,0		23,8	52,4

Galiza, deberían ser galego e castelán

Desde as administracións públicas, a lingua galega debe ser discriminada positivamente 4,8 4,8 9,5 28,6 52,4

O galego é unha lingua en perigo de extinción 33,3 9,5 23,8 33,3



En conclusión:


- Máis do 90% do profesorado do centro considera que as matemáticas se poden aprender en galego.
- A maioría do profesorado (52,3%, 33,3% e 19%) considera que o uso do galego establecido na lexislación educativa non é suficiente
- Máis do 95% do profesorado considera que o ensino do galego aumenta o prestixio social da lingua
- Case o 86% do profesorado considera que en Galicia, debería usarse máis o galego
- A totalidade do profesorado considera que a adquisición de dúas (ou máis linguas) enriquece
- Máis do 75% considera que as dúas linguas priorizadas en Galiza, deberían ser galego e castelán
- Máis do 80% considera que, desde as administracións públicas, a lingua galega debe ser discriminada positivamente
- E finalmente, ante o enunciado “o galego é unha lingua en perigo de extinción”, predomina o profesorado que considera que é así, o 57%, fronte ao profesorado que non está de acordo con esta afirmación: 33,3%

A situación lingüística do alumnado

Como vemos na enquisa pasada ao profesorado, a percepción que hai é que a lingua que predomina entre o alumnado é o español. Os datos das enquisas realizadas ao alumnado no

inicio do curso ratifican esta percepción e póñenlle cifras. O uso do español en exclusividade ou de xeito predominante é moi maioritario, dun 80% fronte ao uso do galego que non supera o 6% sumando os datos de quen o usa en exclusividade e quen o usa de maneira preferente. Ademais, os datos deixan ver, unha vez máis, que os usos lingüísticos manteñen unha clara diferenza entre o ámbito familiar e doméstico, en que o galego ten maior presenza, e os ámbito das relacións sociais, noutras palabras, a persistencia do prexuízo de ser o galego unha lingua só acta para a intimidade e a casa.

Lingua habitual do alumnado segundo o contexto de uso




En canto ao grao de coñecemento, o alumnado manifesta maioritariamente que ten un coñecemento aceptábel (45,6%) ou mesmo bo (41,4%) e só o 1,7% considera que é moi deficiente.

Nas aulas dos cursos máis baixos, primeiro e segundo, e durante a clase de lingua, cómpre reiterarlle ao alumnado que empregue a nosa lingua e, nalgúns casos, aprezaos dificultades á hora de se expresar en galego: incapacidade para construír unha frase simple, ausencia do fonema -n velar ou dificultade para reproducilo.

Respecto de hai catro anos (2015 en cor azul, 2019 en cor vermella), comprobamos como se reduce o uso da nosa lingua, practicamente á metade. O que se traduce nun incremento acelerado do español que, tal e como comprobamos nas aulas, vai en detrimento, tamén, dos coñecementos xerais da nosa cultura

Alumnado que fala habitualmente só en galego ou máis en galego




e das nosas tradicións (magosto, defuntos, música, entroido...).

A enquisa incluía tamén a expresión do grao de conformidade coas seguintes afirmacións:

- É interesante que haxa materias en galego, ademais de lingua galega (matemáticas, historia, ciencias...)
- A adquisición de dúas ou máis linguas, enriquece
- É importante estudar lingua galega
- O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos
- O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua
- En Galicia, debería usarse máis o galego
- O galego é unha lingua en perigo de extinción

Estas foron as respostas do alumnado:



Como podemos ver, manifestan a súa conformidade (máis do 40% están completamente de acordo e ao redor do 30% están bastante de acordo) con que a adquisición de dúas ou máis linguas, enriquece (72.8%) e que é importante estudar lingua galega (78.7%). Tamén están maioritariamente de acordo, de feito máis do 56% están completamente de acordo con que en Galicia, debería usarse máis o galego (75.3% sumando os que están bastante de acordo). Mais cando preguntamos sobre o interese de que haxa materias en galego, ademais de lingua galega (matemáticas, historia, ciencias...). Outra afirmación é que hai un posicionamento claro é a relativa a que o galego sexa unha lingua en perigo de extinción, máis do 71% considera que si (29.3 están completamente de acordo con que é así e o 42.3% está bastante de acordo). Estas respostas móstrannos un alumnado relativamente concienciado e preocupado coa situación da lingua. Mais, veremos que, aínda así, prevalecen os prexuízos.

Cando preguntamos sobre se a lingua é importante estudala, se enriquece, se hai que falala

máis, teñen clara a resposta. Mais cando preguntamos por unha cuestión práctica, afloran os prexuízos. O alumnado tivo que mostrar o seu grao de conformidade coa afirmación: o galego é unha lingua axeitada para os videoxogos, pois ben, neste caso prevaleceu a indiferenza (44.8%) e os que consideran que non é axeitada superan aos que pensan que si o é: 32.6% no primeiro caso, fronte ao 24.2% que pensan que é axeitada. É evidente que, ante unha resposta así, cómpre seguir mostrando e demostrando que o galego é unha lingua útil e axeitada en calquera ámbito.

	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
É interesante que haxa materias en galego, ademais de lingua galega (matemáticas, historia, ciencias...)	7.1	9.2	29.7	32.6	25.5
A adquisición de dúas ou máis linguas, enriquece	2.5	5.0	21.8	31.4	41.4
É importante estudar lingua galega	4.2	5.0	15.1	29.3	49.4
O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos	15.9	16.7	44.8	14.2	10.0
O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua	2.5	5.9	20.9	38.1	34.3
En Galicia, debería usarse máis o galego	4.2	4.2	18.0	19.2	56.1
O galego é unha lingua en perigo de extinción	4.6	7.5	18.8	42.3	29.3

Decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación secundaria obrigatoria

A distribución de materias en galego e castelán, axústase ao marco normativo legal vixente.

A relación detallada das materias impartidas en cada unha das tres linguas que se imparten neste centro, pertencente á rede de centros plurilingües, foi aprobada dentro do Proxecto Educativo de Centro no claustro do día 2 de outubro de 2019 e se axunta a seguir.

1º ESO	GALEGO		CASTELÁN		INGLÉS	
	L GALEGA	4	L CASTELÁ	4	EPVA	2
X e HISTORIA	3	MATEMÁTICA	5	INGLÉS	3	
BIOLOXÍA	5	RELIXIÓN/VALORES	1			
E. FÍSICA	2					
TOTAL	14		10		5	
2º ESO	GALEGO		CASTELÁN		INGLÉS	
	L GALEGA	3	L CASTELÁ	3	INGLÉS	3
	X e HISTORIA	3	MATEMÁTICAS	5	MÚSICA	2
	E. FÍSICA	3	TECNOLOXÍA	3		

	VALORES/RELI	1	F Q	3		
	TOTAL	10		14		5
	GALEGO		CASTELÁN		INGLÉS	
	L GALEGA	3	L CASTELÁ	3	INGLÉS	3
	X e HISTORIA	3	MATEMÁTICAS	4	EPVA	2
	BIOLOXÍA	2	TECNOLOXÍA	2		
	E. FÍSICA	2	MÚSICA	2		
	CULTURA C	2	F Q	2		
	VALORES/RELI	1				
3º ESO	TOTAL	13		13		5
	GALEGO		CASTELÁN		INGLÉS	
	L GALEGA	3	L CASTELÁ	3	INGLÉS	3
	X e HISTORIA	3	MATEMÁTICAS	4		
	E. FÍSICA	2	VALORES/RELI	1		
	BIOLOXÍA/LATÍN /CC APLICADAS	3	FQ/ECON/INICIACIÓN ACTIVIDADE EMPR	3		
	TOTAL	11		11		3
	GALEGO		CASTELÁN		INGLÉS	
	CULTURA C	3	TECNO	3	EPVA	3
			MÚSICA	3	TIC	3
4º ESO	TOTAL	3		6		6
Ciclo	GALEGO		CASTELÁN			
	BICICLETAS	5	CABALOS	11		
	SENDEIROS	8	FOL	2		
	FUNDAMENTOS BIOLÓXICOS	3	EMPRESAS	3		
	DINÁMICA	2				
	DISCAPACITADOS	2				
	TOTAL	20		16		

O uso da lingua galega a nivel oficial en actas, anuncios, programacións, comunicados e impresos, está normalizado.

Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten

Farase un seguimento individualizado de cada alumno ou alumna nesta situación e daráselle o apoio que precise, fundamentalmente a través das actividades lectivas.

No noso centro, a práctica totalidade do alumnado, agás unha persoa que solicitou exención, cursou a Primaria en centros galegos polo que neste aspecto non hai diferenzas perceptíbeis.

Si existen casos de alumnas e alumnos que teñen dificultades para a aprendizaxe, nestes casos, están exentos de 2º lingua estranxeira e reciben un reforzo de lingua que, no caso do galego, está destinado a revisar aquelas cuestións en que o tempo da aula non foi suficiente para aprehender a materia. Ademais procúrase que adquiran fluidez no uso da lingua.

Obxectivos xerais deseñados polo centro para o fomento da lingua galega

Como paso previo á fixación dos obxectivos e, de acordo con eles, as liñas de actuación que deseñará este PLC, consideramos apropiado establecer cales son os puntos débiles e os puntos fortes de que partimos:

Puntos débiles:

- Redución do uso do galego como lingua de docencia.

Puntos fortes:

- O profesorado considera que o ensino do galego aumenta o prestixio social da lingua
- O profesorado considera debería usarse máis o galego
- O profesorado considera que a adquisición de dúas (ou máis linguas) enriquece

Realizada a análise anterior, tendo en conta tamén a situación da lingua galega a nivel xeral e o papel da escola na adquisición do idioma, cifrado nun 93,73% polo IGE no seu estudo do ano 2018, ao abeiro da idea que recolle o artigo 11 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o establecido no artigo 13. 2 da Lei de Normalización Lingüística, establecemos os obxectivos que figuran a seguir, algúns dos cales foron propostos polo propio alumnado, por exemplo a galeguización das redes sociais e dispositivos ou o emprego do galego nas traducións que se realizan nas materias de linguas estranxeiras.

Artigo 11º.-Potenciación da lingua galega nos centros.

Coa finalidade de promover o uso do galego nos centros, a consellería competente en materia de educación establecerá un programa regular de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento no uso do galego nas actividades extra-escolares e complementarias.

Xerais:

- Potenciar o uso do noso idioma na comunidade escolar, consolidando a conciencia e estima do galego como lingua propia, superando prexuízos que afectan ao galego e operan no contorno educativo desde a sociedade e a propia familia.
- Promover que o alumnado e o profesorado do centro sexan motores de difusión da nosa lingua e, deste xeito, chegar á sociedade incidindo positivamente na situación do

idioma.

- Diseñar e promover accións destinadas a incrementar a estima pola nosa lingua.
- Participar e colaborar coas actividades que se realicen dentro do ámbito municipal e que estean dirixidas a favorecer o uso da nosa lingua e o coñecemento da nosa cultura, historia e realidade.

No centro:

- Mellorar o funcionamento do EDLG e comezar por incrementar a participación no mesmo.
- Incrementar a visibilidade e proxección das actividades do EDLG.
- Mellorar as actitudes do alumnado e o profesorado identificando o galego como lingua de modernidade.
- Poñer en valor o uso da lingua propia, salientando a importancia da corrección no uso da mesma. Propor ao profesorado que actúe como modelo lingüístico, empregando o galego como lingua de relación fóra da aula, comportamento que redundará no prestixio da lingua.
- Pór ao dispor do profesorado materiais e ferramentas que sexan de utilidade para o seu manexo na nosa lingua.
- Proporcionar asesoramento lingüístico ao conxunto dos departamentos.

Dirixidos ao alumnado:

- Manter o uso da lingua entre o alumnado que aínda fala galego e prestixiar esa actitude lingüística, así como os coñecementos sobre a nosa lingua e cultura.
- Promover a toma de conciencia sobre a situación do idioma e como cada un de nós somos parte desa engrenaxe ao conxunto do alumnado.
- Promover o uso da lingua galega entre o alumnado castelán falante.
- Promover a resposta positiva, é dicir, falar en galego cada vez que nolo falen.
- Presentar ao alumnado os aspectos máis positivos do uso do galego e a súa proximidade lingüística coa comunidade lusófona, tamén como oportunidade de emprego.
- Potenciar o uso da nosa lingua no alumnado durante as actividades non lectivas, promovendo que o conxunto do profesorado, con independencia da materia que imparta, se exprese en galego nese momento.
- Propor o uso do galego nas súas redes sociais.
- Galeguizar os nosos dispositivos, por exemplo o teléfono móbil.
- Potenciar a sección de cine en galego da biblioteca.
- Crear na biblioteca unha sección de música en galego.

Dirixidos ao profesorado:

- Informar o profesorado da situación lingüística do centro.
- Promover a toma de conciencia sobre a situación do idioma e como cada un de nós

somos parte desa engrenaxe.

- Propor ás materias impartidas en linguas estranxeiras que as traducións das linguas en que se estuda se realicen ao galego.
- Propor aos diferentes departamentos, con independencia da lingua en que lles corresponda impartir docencia, que inclúa na súa programación medidas e actividades que redunden no coñecemento da nosa lingua (a nivel vocabulario, por exemplo) e cultura (tamén científica).

Liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega

Actividades de Comunicación

As linguas son instrumentos de comunicación. É polo que pensamos que debemos seguir potenciando e mantendo os dous principais medios de expresión e comunicación do noso centro, presentes tamén na web do instituto, reflectindo a través deles a nosa actividade: Radioturonio e Superturonio.

Radio Turonio

A actividade da radio é xa un clásico no noso instituto dende o ano 2002. Seguimos e seguiremos a facer programación radiofónica en galego, con especial atención ao alumnado de 1º curso.

Por suposto, tamén realizaremos programacións especiais en torno as festas ou celebracións máis sinaladas como o Día Mundial da radio (13 de febreiro) o Entroido ou o Día das Letras Galegas.

Consideramos este proxecto moi importante, polo enorme potencial que ten este medio :

- Potencia a creatividade tanto do alumnado coma do profesorado á hora de elaborar programas radiofónicos.
- Potencia as competencias activas do alumnado (desenvolvemento da oralidade).
- Propicia o uso da lingua a todos os niveis: escrito na fase de elaboración de guión e oral cando se emiten os programas, ao mesmo tempo que a lingua lle chega a toda a comunidade educativa, que conforma a audiencia conseguindo gran alcance dentro do centro.
- Ten unha grande versatilidade, pois é un espazo que permite a colaboración de departamentos, doutros centros e mesmo doutras institucións.
- Permite a utilización das novas tecnoloxías.
- Xera unha actividade plurianual con consolidación no centro, e implicación dun número importante de alumnado de diferentes niveis e grupos.

- Permite a colaboración con outros centros educativos, institucións, e asociacións externas ao centro ou a participación en proxectos internacionais como o de AIRE (Asociación Internacional de Radios Educativas) ou Ponte...nas Ondas!

O estudo: Contamos cun local en que temos montado un equipo de son con mesa de mesturas e aparellos reprodutores e gravadores, ordenador, unha mesa para locutores con micrófonos e un sistema de micrófono sen fíos. Un amplificador envía o son aos altosfalantes instalados no patio e desta maneira simulamos unha emisión “sen antena”.

Programación diaria: A principal actividade da radio é a emisión diaria, durante os recreos, de programas de media hora de duración, realizados polo alumnado. Nos programas, ademais de desenvolver un tema que escolle cada equipo (deportes, ecoloxía, actualidade, novas, estilos musicais, entrevistas...etc.), temos seccións fixas que acadan grande éxito de audiencia como son “Aniversarios”, en que se felicita os rapaces e rapazas do instituto que están de aniversario, e “A pregunta do día”, en que se fai unha pregunta de resposta curta e prémiase ao primeiro acertante. Este pequeno concurso mantén a atención dos radiooíntes xa que pode saír en calquera momento do programa.

Outra actividade que realizan os compoñentes dos equipos é deseñar, producir e gravar as súas cuñas radiofónicas.

Programas especiais: ademais da programación diaria, en ocasións elabóranse programas especiais con diferentes motivos:

- Día da Paz,
- 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- 13 de febreiro, Día mundial da radio,
- 24 de febreiro, Día de Rosalía,
- Especial Entroido
- 8 de marzo, Día da Muller Traballadora,
- Especial Expoturonio coincidindo coa Feira que se vén realizando cada ano.
- Maio, Día das Letras Galegas.




(Cartel promoción especial Radioturonio. Estudo de Radioturonio durante unha entrevista celebración Día Mundial da Radio 2019)

Entrevistas: Outra das actividades que nos ocupa son as entrevistas. As persoas que visitan o noso centro pasan por Radio Turonio. Ao termos un estudio radiofónico, este espazo permite que en calquera momento as persoas visitantes poidan ser entrevistadas polos nosos locutores.

Esta actividade adoita realizarse, ademais, ao finalizar outras como charlas ou actuacións en que, despois de ver ou asistir a esas actividades pode facerse un achegamento máis persoal e individualizado á persoa relatora ou artista.

Instrumento de comunicación: A nosa radio está permanentemente aberta a que os distintos departamentos, materias, proxectos, grupos de alumnado,...difundan a través dela as súas actividades mediante anuncios e/ou realización de programas. Pensamos que a radio é un bo medio para comunicar actividades levadas a cabo no centro e que emanan do traballo diario nas aulas ao tempo que pode exercer como elemento motivador no desenvolvemento das mesmas.



Páxina principal do canal Youtube de Radioturonio




Páxina principal de Radioturonio en Ivoox

Superturonio

Superturonio é un boletín de información, comunicación e creación que edita, publica e imprime o ENDL cunha periodicidade trimestral. Neste boletín, difundido en papel e dixital, publícanse as noticias elaboradas polo alumnado dos distintos niveis educativos relacionadas con cuestións do seu interese, libros máis lidos, acontecementos relevantes no instituto, traballos destacados nas diferentes materias, temas relacionados coa lingua, novas das súas parroquias, etc., en galego.

O noso boletín de dinamización da lingua galega, manterá informada a toda a comunidade educativa das principais actividades do centro. Como en anos anteriores, editaremos un número extra de fin de curso.



Medios de comunicación en galego

Desde o ENDL promoverase a lectura de medios de comunicación en galego, nas súas múltiples formas. De acordo con iso realizarase a subscrición a semanarios e/ou diarios en papel escritos integramente na nosa lingua, como ferramenta normalizadora para toda a comunidade educativa. Neste momento xa estamos subscritos ao Semanario Sermos Galiza e, neste curso, subscribirémonos ao diario Nòs que comezará publicarse en xaneiro.

Galego nas redes e nos dispositivos

Propor que se galeguicen as redes sociais e os dispositivos como o teléfono móbil. Realizar unha campaña de difusión e ofrecer asesoramento para poder levar a cabo esta proposta.

O luns en galego

Propor que nunha xornada o alumnado fale en galego todo o tempo. Propomos o luns por ser o día de máis horas lectivas e permanencia no centro.

Festas, celebracións

Magosto

Elaboración de carteis e paneis sobre a tradición do magosto: a importancia da castaña, a vinculación co día de defuntos e, por tanto, co samaín, etc.


O Entroido en directo

Vén coincidindo a celebración do Entroido co Día Mundial da Radio (13 de febreiro). Para celebrar ambas as datas realizaremos un programa especial de Radioturonio coa retransmisión da celebración da festa do Entroido no noso centro: precisaranse varios reporteiros e demais equipo técnico que se ocuparán da narración de toda a celebración, a saber:

- os disfraces (alumnado e profesorado)
- o desfile-concurso no instituto (alumnado e profesorado)
- o desfile polas rúas de Gondomar (outros centros, organización: concello, protección civil,..., familias, alumnado e profesorado)
- degustación de doces: (conexión telefónica coas familias que fixeron os prostres)
- as actuacións (alumnado e profesorado)
- a charanga (alumnado)
- os premios (alumnado e profesorado)

Día de Rosalía

O 24 de febreiro celebrarase o día de Rosalía, creando contidos para un programa especial de Radioturonio ou outras accións vistosas para a



divulgación do coñecemento da nosa autora máis representativa e da poesía en galego.

Semana das letras Galegas


Actividades en torno á figura literaria proposta cada ano para a conmemoración do **Día das Letras Galegas**. Para conmemorar a data empregaranse as ferramentas que cheguen ao centro, como a exposición que todos os anos envía a Consellaría de Educación, e procurárase traer ao centro algunha actividade artísticas (música, teatro,...) relacionada coa obra dese persoeiro.

Outras actividades

Vídeos e curtas

Elaboración de vídeos e curtametraxes en galego sobre problemáticas actuais na contorna, datas sinaladas, efemérides ou conmemoracións: 25N, 8M, día da Muller e a Nena na Ciencia, etc.

Exemplo desta actividade é o vídeo “Queimados” relatando a desolación e destrución que causaron en toda a comarca os incendios forestais



Potenciar a sección de cine en galego da biblioteca

Na biblioteca existe unha sección de cine. Organizaremos un apartado específico de cine en galego, comprobando as existencias e incrementándoas. Posteriormente farase promoción da sección a través das titorías e con cuñas elaboradas polo alumnado para Radioturonio.

Crear na biblioteca unha sección de música en galego

Crear na biblioteca a sección de música en galego. Para promocionar esta sección poderase realizar unha sondaxe entre o alumnado, solicitándolle que nos propoña intérpretes e discos que a eles lles gusten. Poderán realizarse cuñas na radio presentando e publicitando cada unha das adquisicións.

Participación no Correlingua

Como é habitual, participaremos na convocatoria do Correlingua. Como preparación previa, participarase no certame de elaboración do manifesto, actividade que dá pé, xunto coa materia de sociolingüística, a que o alumnado tome conciencia dos



motivos polos que se participa na actividade. Tamén se elaborarán carteis con mensaxes alusivas á convocatoria.

Feira Expoturonio

Pretendemos recuperar, tras as restricións pola pandemis, a feira denominada Expoturonio e que, cada ano, ten un tema diferente. O ENDL participa activamente coas seguintes actividades:

- Exposición de Superturonios
- Exposición dos resultados das enquisas do uso da lingua realizadas durante o curso (en colaboración co departamento de lingua galega).
- Posadoiro “En Turonio falamos galego”
- Emisións de Radioturonio. (entrevistas, programas singulares).
- Xogos tradicionais (colaboración co departamento de Educación Física)

Ademais, para promover a sensibilización e toma de conciencia sobre a situación do galego, a visita a estas actividades dan dereito a acumular puntos para recoller uns pinchos durante a xornada.



Apoio lingüístico ao equipo docente

Desde o ENDL prestarase apoio lingüístico a todo o profesorado que o solicite, co obxecto de incrementar o uso da nosa lingua e mellorar a súa calidade.

Cadro resumo de propostas específicas cara ao curso 2022-23 e de actividades anuais

Actividades específicas curso 2022-23					
Actividade	Proxecto	Departamento	Curso	Data	Orzamento
Semana da Ciencia en Galego	http://www.igaciencia.eu/ http://www.igaciencia.eu/gl/node/393	Bioloxía e Xeoloxía	Todos os niveís	Novembro	

	Conmemoración do 2022 como ano internacional das ciencias básicas para un desenvolvemento sostible: oceanografía, simetría, metereoloxía, etc.					
Día de Rosalía	<i>Ola! Especial Rosalía</i>	Edición dunha revista de cotilleos sobre a vida de Rosalía de Castro. Traballo de investigación, edición, maquetación e deseño. Visita a Padrón.	Lingua Galega Debuxo Historia	3º ESO	1º trimestre 2º trimestre	700 €
	Rosalía e as vangardas	Co formato das Mariquitas, vestimos á poeta inspirándonos na obrs das mulleres artistas do século XX	Debuxo	1º ESO	2º trimestre	50.-
	Especial Rosalía nas ondas	Programa de radio especial Día de Rosalía	Radio escolar Lingua Galega	2º ESO 4º ESO	1º trimestre 2º trimestre	
Sinalectica do IES	Nomear os corredores, aulas e outros espazos empregando a toponimia local. Deseño da sinalética.		Lingua Galega Debuxo Xeografía e Historia Bioloxía Tecnoloxía	1º ESO	Por determinar	60.-
Axenda Curso 2023-24	Deseño das axendas escolares para o vindeiro curso.		Debuxo Lingua Galega ANPA Orientación	Alumnado de EPVA	Por determinar	
Ponte nas Ondas: Radio escolar	Podcast con diferente temática: deportes, Lingua e Literatura Galega, actualidade, igaldade, diferentes xéneros musicais, etc. Colaboracións cos centros adscritos a Ponte nas Ondas de Galicia e Portugal.		Todos os departamentos	Todo o centro	Todo o curso.	
Día da radio	Programa especial.		Todos os departamentos	Todo o centro	Día da radio (13 de febreiro)	
O noso océano	Remate do mural iniciado o ano pasado nun dos patios. O alumnado, por medio de plantillas, engadirá o vocabulario propio do mundo marino local: aparellos,		Debuxo Lingua Galega	4º ESO	2º trimestre	100.-

	<p>fauna, flora, toponimia, etc, Traballo de léxico: lexemas e familias de palabras. Técnicas de pintura mural.</p> <p>Emprego do recurso: https://www.lingua.gal/recursos/todos//promovelo/contido_794/sabes-todo-que-temos-mar-jaime-beiro-formoso</p>				
Certame de poesía Beatriz da Serra	Certame de micropoemas organizado por IESPlurilingüe Terra de Turonio (Gondomar), 1º de Marzo (Baiona), IES Escolas Proval, CEIP Carlos Casares (Nigrán)	Lingua Galega	Primaria ESO FP Bacharelato	Maio	250.-
Certame de Regueifa	Certame por IESPlurilingüe Terra de Turonio (Gondomar), 1º de Marzo (Baiona), IES Escolas Proval, CEIP Carlos Casares (Nigrán)	Lingua Galega	1º-4º ESO	2º ou 3º trimestre	300.-€
Correlingua	Participación no Correlingua, na data e localidade máis próxima e factíbel.	Lingua Galega	1º e 2º ESO	Maio	700 € (dous autobuses)
O noso cine	Proxección de películas do noso cine. Saídas ao cine.	Todos os departamentos	Todo o centro	Todo o curso	
O noso patrimonio artístico e social	Saídas a exposicións de artistas galegas, visita a monumentos e outros elementos do patrimonio local e rexional.	Debuxo Xeografía e Historia	Todo o centro	Todo o curso	
Actividades anuais					
Radio Turonio	<ul style="list-style-type: none"> - Día da Paz - 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero - 13 de febreiro, Día mundial da radio - 24 de febreiro, Día de Rosalía - Especial Entroido - 8 de marzo, Día da Muller Traballadora, - Especial Expoturonio coincidindo coa Feira que se vén realizando cada ano - 17 Maio, Día das Letras Galegas 	Varios Departamentos	Todo o centro	Varias datas	

As nosas festas	Magosto			Outono	100.-
	Entroido (cartelería e xogos)			Entroido	50.-
Biblioteca en Galego	Cine, música e lecturas en galego: mellora dos fondos en Lingua Galega. Promoción do patrimonio local e rexional.	Todo o centro		Todo o curso	100.-
ExpoTuronio	Apertura do centro á comunidade local. Mostra dos traballos e proxectos do alumnado.				60.-

Gondomar, a 8 de outubro de 2022

Asdo.: Elena Gómez Dahlgren

Coordinadora do EDLG

Vº e prace.: Susana Franco González

Directora